

RESOLUCIÓN DA XERENCIA PARA REGULAMENTAR AS OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO DE 2024 EN RELACIÓN COA CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS, GASTOS E PAGAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Conforme co disposto na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, á Universidade correspóndelle elaborar, aprobar, xestionar os seus orzamentos e a rendición das súas contas anuais e das súas entidades dependentes.

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, a el imputaranse os dereitos liquidados no seu transcurso e as obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro de cada exercicio, sen prexuízo do disposto no artigo 60-2) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG, Decreto 1/1999, do 7 de outubro).

A Xerencia, no ámbito das súas competencias, de acordo coa Resolución Reitoral del 10/07/2024, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos, dita a seguinte resolución cos seguintes puntos:

Primeiro. Tramitación e xustificación de ingresos orzamentarios

1. As cantidades pendentes de ingresar polos distintos concesionarios e arrendatarios de servizos desta universidade deberánselle comunicar á Xefatura de Sección de Xestión Económica do Servizo de Xestión Económica, Patrimonio e Inventario ata o 13 de decembro de 2024.
2. En relación coa xustificación de ingresos finalistas que financien expedientes de gasto, deberase tramitar a súa xeración con antelación suficiente ao límite sinalado no segundo punto desta resolución para a tramitación dos documentos contables. A persoa responsable da organización do curso ou da actividade deberá achegar, xunto co xustificante do ingreso, a relación das persoas que efectuaron os ingresos, o NIF destas, a data do ingreso e a aplicación orzamentaria que financia.
3. Durante o mes de novembro e ata o 13 decembro contabilizaranse normalmente aqueles ingresos que se reciban nas contas da UDC no dito período e respecto dos cales se teña información sobre a súa natureza e finalidade.
4. Aquelles ingresos que se reciban no mes de decembro de 2024 non xerarán crédito neste exercicio. Aplicarase o que establece o artigo 69 da Lei 1/1999 e os ingresos recibidos durante o mes de decembro de 2024 xerarán crédito no exercicio 2025, unha vez aberto o novo exercicio.

Código Seguro De Verificación	pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	1/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Segundo. Tramitación e xustificación de expedientes de gastos e pagamentos orzamentarios

- En relación coa tramitación dos expedientes de gastos e pagamentos, determínase o seguinte:
 - A data límite para recibir facturas e xustificantes de gastos suxeitos a IVE, IRPF ou semellantes será o 29 de novembro de 2024.
 - A data límite para confeccionar documentos contables O, e ADO e o seu envío ao Servizo de Xestión Financeira será o 29 de novembro de 2024. Os documentos contables que precisen fiscalización polo Servizo de Control Interno serán enviados ao dito servizo con data límite 27 de novembro de 2024.
 - Os compromisos de gasto de tracto sucesivo deberán estar formalizados contablemente mediante documentos plurianuais (fases D ou AD plurianuais) e enviados ao Servizo de Xestión Financeira coa data límite do 2 de decembro de 2024.
 - As obrigas dos gastos de tracto sucesivo e gasto estimativo (auga, gas, electricidade etc.) cuxa factura non se puidese imputar ao exercicio 2024 por mor das datas desta resolución de peche, serán imputadas ao exercicio 2025 sen necesidade de validación sempre que o gasto xerado correspondese ao último trimestre do exercicio 2024.
 - Os expedientes de gasto, de financiamento propio da UDC, correspondentes a IRS, conferencias e asistencias a órganos colexiados, tribunais ou outros órganos de selección e traslados para impartir docencia, que se tramiten despois do 29 de novembro e ata o 31 de decembro imputaranse ao orzamento do exercicio de 2025.
 - Non se incorporarán créditos ao exercicio 2025, a excepción dos fondos finalistas, o financiamento propio da investigación vinculado a I+D+I ou os que determine a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica.
- Os expedientes de gasto que o 31 de decembro de 2024 non estean en fase ADO/O quedarán anulados de pleno dereito.
- Os servizos que xestionen recursos humanos (PTXAS, PDI, investigación) remitiranlle ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, non máis tarde do 29 de novembro de 2024, os partes que correspondan ás altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro.

As nóminas elaboradas polo Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, para a percepción dos haberes do mes de decembro, deberán estar no Servizo de Xestión Financeira o 16 de decembro de 2024. O seu aboamento producirase a partir do 19 de decembro de 2024.

Código Seguro De Verificación	pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	2/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Os servizos xestores verificarán que as aplicacións financiadoras contan con crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao pagamento dos haberes do mes de decembro e das cotizacións correspondentes.

Os TC da Seguridade Social de novembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do 20 de decembro de 2024.

Os TC da Seguridade Social de decembro deberán ser presentados no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do 22 de xaneiro de 2025.

Terceiro. Excepcións

Proxectos financiados pola Axencia Estatal de Investigación (AEI) que rematan en 2024, axudas con financiamento MRR (NGEU) e outras axudas que finaliza a 31/12/2024 e debe constar a xustificación do pago non mais tarde do 31/12/2024:

- Data límite para recibir facturas: 10/12/2024.
- Data límite para recibir IRS e xustificantes internos: 05/12/2024
- Pago en 2024. Data límite para que se envíen os documentos contables ADO-O ao Servizo de Xestión Financeira será o 13/12/2024. Os documentos que precisen pasar previamente polo Servizo de Control interno terán como data máxima o 12/12/2024.
- Pago pola Sección de Tesouraría do Servizo de Xestión Financeira antes do remate de 27/12/2024.

Proxectos que rematan a 31/12/2024 pero que non é necesario efectuar o pago en 2024:

- Data límite para recibir facturas: 10/12/2024.
- Data límite para recibir IRS e xustificantes internos: 05/12/2024
- ADO contabilizado en 2024. Data límite para que se envíen os documentos contables ADO-O ao Servizo de Xestión Financeira será o 13/12/2024. Os documentos que precisen pasar previamente polo Servizo de Control interno terán como data máxima o 12/12/2024.
- Nestes casos o ADO-O debe estar contabilizado antes do remate do 27/12/2024.

Código Seguro De Verificación	pHsbh/59JWNMcnpMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	3/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbh/59JWNMcnpMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Cuarto. Gastos plurianuais

Os compromisos con cargo a exercicios futuros (gastos plurianuais) terán como data límite de formalización o día 2 de decembro de 2024.

O Servizo de Xestión Financeira organizará a súa contabilización no novo sistema contable para o exercicio 2025 XUMCO e no sistema auxiliar MUS. En función do número de documentos poderá desconcentrar a súa mecanización nos diferentes negociados en función das aplicacións orzamentarias.

Quinto. Solicitudes de pagamentos ao exterior

Só se tramitarán con cargo ao exercicio de 2024 os pagamentos que se reciban no Servizo de Xestión Financeira coa data límite do 29 de novembro de 2024.

Sexto. Conta de anticipos de caixa fixa dos servizos centrais e centros

1. As datas límite de recepción das contas xustificativas no Servizo de Control Interno, se proceder, de acordo coa Resolución Reitoral do 2/03/2023 pola que se establece o importe exceptuado de fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da UDC, se determinan os expedientes de gasto afectados, a súa tramitación e a formalización electrónica de expedientes de gasto (exención de fiscalización establecida en 3 000 €-IVE incluído) serán as seguintes:

- Para expedientes que sexan obxecto de declaración en concepto de IRPF e IRS: 25 de novembro de 2024. Estes expedientes de gasto con desconto do IRPF, no caso dos non exentos de fiscalización deberán ser remitidos ao Servizo de Control interno ao enderezo de correo electrónico servizo.controlinterno@udc.gal de forma separada do resto dos expedientes de gasto, coa indicación no asunto do correo electrónico "IRPF".
- Para o resto dos expedientes: 29 de novembro de 2024.

2. Unha vez recibidas todas as reposicións de ACF, reintegrarse o importe do acordo de caixa do exercicio de 2024 aos servizos centrais e achegarase o impreso de conciliación da conta con data de referencia do 29 de novembro de 2024. Este reintegro, na conta xeral aberta na entidade Abanca co número ES08 2080 0000 7531 1000 3268, efectuarase antes do 2 de decembro de 2024. Non se poderá utilizar este acordo de caixa para atender gastos do orzamento de 2025.

Unha vez recibido o reintegro do acordo de caixa do exercicio de 2024, dotarase a conta de ACF co novo acordo do exercicio de 2025 durante o mes de xaneiro de 2025.

3. As caixas habilitadas pola UDC deberán presentar na Sección de Tesouraría

Código Seguro De Verificación	pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	4/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



(seccion.tesouraria@udc.gal) do Servizo de Xestión Financeira a conciliación correspondente (libro de caixa, ADO xustificativos e remanente en metálico sobrante) coa data límite do 2 de decembro de 2024.

4. O Servizo de Xestión Financeira comprobará coa data límite do 20 de decembro de 2024 que todas as dotacións de ACF están reintegradas nas súa totalidade.

Sétimo. Modificacións orzamentarias

As modificacións orzamentarias terán como data límite para a súa tramitación o 29 de novembro de 2024, a excepción das que afecten ao capítulo I «Gastos de persoal», que se poderán tramitar ata o 13 de decembro.

Os expedientes de modificación orzamentaria deberán estar completos.

Con cargo aos ingresos contabilizados durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2024, e coa finalidade de estaren actualizados os créditos orzamentarios para a súa dotación no exercicio 2025, deberanse tramitar as modificacións orzamentarias (xeracións) que sexan consecuencia de ingresos de carácter finalista (proxectos de investigación, axudas, convenios, facturación, cursos etc.).

O Servizo de Xestión Financeira deberá efectuar as modificacións necesarias para proceder á súa dotación ao exercicio de 2025 non máis tarde do 15 de febreiro de 2025. En todo caso, as xeracións de crédito de financiamento alleo adecuaranse ás condicións establecidas no financiamento recibido.

Oitavo. Solicitudes de emisión de facturas e cargos

O prazo de solicitude de emisión de facturas e cargos rematará o día 29 de novembro de 2024.

Noveno. Expedientes de contratación administrativa

A partir do 29 de novembro de 2024 non se poderán tramitar propostas de contratación administrativa dos procedementos establecidos na LCSP, agás o disposto no seguinte punto.

Décimo. Tramitación anticipada de expedientes

A tramitación anticipada axustarase a instrución da Vicerreitoría de Economía e planificación estratéxica pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto de 2025.

A data límite para iniciar o expediente de tramitación anticipada será o 29 de novembro de 2024.

Código Seguro De Verificación	pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	5/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Décimo primeiro. Contratación laboral temporal do capítulo VI

Tramitación de ADs de contratación laboral de persoal capítulo VI. A data límite para a súa elaboración será o 10/12/2024 e o 13/12/2024 para a súa remisión ao Servizo de Control Interno.

Para os contratos laborais temporais que rematan o 31 de decembro de 2024, establécese como último día para solicitar as prórrogas correspondentes o 30 de novembro.

As solicitudes de prórrogas deben remitirse ao Negociado de Contratos do Equipo de Xestión da Investigación (EXI), ao seguinte enderezo:

contratos@udc.es

No caso de que se queira solicitar algunha contratación que teña que comezar no mes de xaneiro de 2025, é preciso que se inicien os trámites coa suficiente antelación (publicación, solicitude etc.). As solicitudes de contratación deberán entrar no Negociado de Contratos do EXI ou no Servizo de PTXAS coa data límite do 11/12/2024 para que se realice a tramitación anticipada do expediente.

Décimo segundo. Excepción dos prazos

A Xerencia poderá autorizar excepcións aos prazos previstos nesta resolución en casos motivados.

Non precisarán autorización as modificacións orzamentarias tramitadas pola Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratégica.

Décimo terceiro. Información de obrigas pendentes

Se unha vez tramitados todos os pagamentos con cargo ao exercicio de 2024, o Servizo de Xestión Financeira advirte da existencia dalgunha obriga pendente, remitiralle a información ao/á RAE do centro de gasto que corresponda, quen deberá xustificar no prazo de cinco días, que conta desde o seguinte á recepción do escrito/correo electrónico, se se corresponde cunha obriga real ou se debe proceder á baixa do saldo pertinente.

Décimo cuarto. Relación de OR/DR

O Servizo de Xestión Financeira remitiralle á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratégica e á Xerencia, non máis tarde do 31 de xaneiro de 2025, a relación de dereitos recoñecidos e pendentes de cobramento con data do 31/12/2024. Incorporarase toda a información adicional que cumpra.

Código Seguro De Verificación	pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	6/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Décimo quinto. Patrimonio e inventario

A regularización do inventario de bens mobles e inmobles farase con data 30 de decembro en función dos datos que achegue o Servizo de Xestión económica, Patrimonio e Inventario e o Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos.

Décimo sexto. Apertura do exercicio 2025

Unha vez pechado o exercicio 2024, procederáse á contabilización no exercicio 2025 no XUMCO e no auxiliar MUS das operacións procedentes do exercicio 2024 de acordo coa seguinte orde de prelación:

- Anualidade 2025 consecuencia de compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores.
- Autorizacións e compromisos de créditos correspondentes a expedientes con tramitación anticipada.

Publicación e entrada en vigor

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

Asinado electronicamente pola xerenta.

Código Seguro De Verificación	pHsbh/59JWNMcnpMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	7/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbh/59JWNMcnpMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



RESUMO DE TRÁMITES E PRAZOS ORDENADOS CRONOLOGICAMENTE	
TRÁMITE	PRAZOS
Data límite para recibir facturas e xustificantes de gastos suxeitos a IVE, IRPF ou semellantes	29/11/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Control Interno as contas xustificativas de anticipos de caixa fixa do IRPF e IRS	25/11/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Xestión Financeira as solicitudes de pagamentos ao exterior	29/11/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Control Interno as contas xustificativas de anticipos de caixa fixa sen IRPF	29/11/2024
Data límite para iniciar expedientes de tramitación anticipada	29/11/2024
Data límite para enviar documentos contables ADO/O ao Servizo de Xestión Financeira	29/11/2024
Data límite para a elaboración de ADs de contratación laboral de persoal capítulo VI	10/12/2024
Data límite para a remisión ao Servizo de Control Interno de ADs de contratación laboral de persoal capítulo VI	13/12/2024
Data límite para enviar ao Negociado de Contratos do Equipo de Xestión da Investigación ou ao Servizo de PTXAS as solicitudes de inicio de contratación laboral que deban comezar no mes de xaneiro de 2025	11/12/2024
Data límite da solicitude de prórrogas para contratos laborais (capítulo VI) que rematen o 31/12/2024	30/11/2024
Data límite para tramitar as propostas de contratación administrativa (LCSP)	29/11/2024
Data límite de solicitude de emisión de facturas e cargos	29/11/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, por parte dos servizos que xestionan recursos humanos (PTXAS, PDI e investigación), os partes de altas/incidencias que afecten á nómina do mes de decembro	29/11/2024
Data límite da liquidación das caixas habilitadas (ACF) e envío da conciliación á Sección de Tesouraría.	02/12/2024
Data límite para a formalización contable de compromisos de gasto de tracto sucesivo en fases D ou AD plurianuais e envío ao Servizo de Xestión Financeira	02/12/2024
Data límite da formalización no UXXI-Ec de compromisos con cargo a exercicios futuros (gastos plurianuais)	02/12/2024

Código Seguro De Verificación	pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	8/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



TRÁMITE	PRAZOS
Data límite de reintegro da conta de anticipos de caixa fixa, na conta xeral de Abanca, e envío do impreso de conciliación da conta (data de referencia do 29/11/2024)	02/12/2024
Data límite para tramitar as modificacións orzamentarias do capítulo I «Gastos de persoal»	13/12/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Xestión Financeira a nómina de decembro de 2024	16/12/2024
Data límite para enviar á Xefatura de Sección de Xestión Económica do Servizo de Xestión Económica, Patrimonio e Inventario os ingresos pendentes por parte de concesionarios/as e de arrendatarios/as	13/12/2024
Data límite para tramitar as modificacións orzamentarias, a excepción das que afecten ao capítulo I «Gastos de persoal»	29/11/2024
Data límite para que o Servizo de Xestión Financeira comprobe que todas as dotacións de ACF están reintegradas na súa totalidade	20/12/2024
Aboamento da nómina de decembro de 2024	A partir do 19/12/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Xestión Financeira os TC da Seguridade Social (novembro de 2024)	20/12/2024
Regularización do inventario de bens moble e inmobles	30/12/2024
Data límite para enviar ao Servizo de Xestión Financeira os TC da Seguridade Social (decembro de 2024)	22/01/2025
Data límite para que o Servizo de Xestión Financeira remita á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e á Xerencia unha relación dos dereitos recoñecidos e pendentes de pagamento con data do 31/12/2024	31/01/2025
Data límite para efectuar as modificacións necesarias para proceder á súa dotación ao exercicio de 2024	15/02/2025

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Asinado Por	Páxina	9/12
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbh/59JWNMcPMndW/SA==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



ANEXO I

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO DE 2024 A IMPUTAR AO EXERCICIO 2025

Centro de gasto:.....

FAGO CONSTAR que os expedientes relacionados foron recibidos na unidade responsable con posterioridade ás datas establecidas na orde de peche. Por esta razón non foi posible a súa imputación no exercicio de 2024. Non obstante, fago constar que o 31/12/2023 había crédito axeitado e suficiente para a súa formalización contable nas partidas que se indican.

PARTIDA	PROXECTO	IMPORTE	DISPONIBLE 31/12/2024

Código Seguro De Verificación	pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	10/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Xúntase a este anexo soporte documental do pedido/xustificante interno tramitado en MUS que acredita a existencia de saldo dispoñible suficiente no exercicio de 2024 para financiar os gastos detallados neste anexo.

Asinado dixitalmente polo/a:

- responsable de Asuntos Económicos
- director/a do centro de gasto

Vista a solicitude de imputación que se achega, e unha vez verificada a existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio de procedencia, conforme o establecido na Instrución de peche do exercicio de 2024, autorízase a imputación ao exercicio de 2025. Na solicitude exponse que os expedientes de gasto detallados non se puideron imputar ao exercicio de 2024 por corresponderen a accións realizadas con posterioridade á data límite establecida na citada instrución de peche para a súa formalización contable.

De conformidade co que antecede, RESOLVEMOS:

- Autorizar a imputación proposta.
- Financiar os expedientes de gasto relacionados con cargo aos fondos consignados nas aplicacións correspondentes ao exercicio de 2025.

Asinado dixitalmente polo/a:

- vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica

Código Seguro De Verificación	pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	11/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO II

COMUNICACIÓN DO REMATE DAS OPERACIÓNS CON CARGO AO EXERCICIO DE 2024

D/D^a responsable de Asuntos Económicos (RAE) do centro de gasto (indíquese o centro de gasto e o/s código/s orgánico/s que lle/s corresponde/n), rematou coa tramitación de expedientes de gasto con imputación ao exercicio económico de 2024 e realizou as operacións indicadas no anexo I e a décimo cuarta instrución.

O/a RAE

Na data da sinatura dixital

Código Seguro De Verificación	pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/11/2024 09:30:35
Observacións		Páxina	12/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pHsbH/59JWNMcNPMndW/SA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

